

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA “ROSALÍA DE CASTRO” PARA O BACHARELATO INTERNACIONAL

Santiago de Compostela, a de de 2017

COMPARECEN

Dunha parte, o Ilmo. Sr. D. Martiño Noriega Sánchez, que actúa en nome e representación do CONCELLO DE SANTIAGO, do que é Alcalde. E da outra parte, Sr. D. Ubaldo Rueda Soto, que actúa en nome e representación do IES ROSALÍA DE CASTRO, do que é Director, con domicilio profesional na Rúa San Clemente, 3 e CIF: Q-6555198 H.

Comparece o primeiro en calidade de Alcalde-Presidente, en nome e representación do Excmo. Concello de Santiago de Compostela (en adiante Concello), con CIF P-1507900-G, e domicilio na cidade de Santiago de Compostela, Pazo de Raxoi - Praza do Obradoiro, en tanto que o segundo actúa en calidade de Director do IES Rosalía de Castro (en adiante IES Rosalía de Castro) co CIF: Q-6555198 H, e con domicilio profesional na Rúa San Clemente- 3

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade plena para o presente outorgamento na condición en que respectivamente interveñen e, en consecuencia,


MANIFESTAN

A súa vontade de colaboración para apoiar o Bacharelato Internacional que está a promover o IES Rosalía de Castro na cidade de Santiago de Compostela.

CONVEÑEN

I.- Que o Concello, co obxecto de propiciar e apoiar aquelas iniciativas que redunden na mellora das ofertas educativas dos cidadáns de Santiago, sobre todo dos máis novos, considera que é de interese apoiar ao IES Rosalía de Castro para o desenvolvemento do Bacharelato Internacional que se está a ofertar neste centro dende o ano 1989.

II.- O Bacharelato Internacional foi creado hai máis de trinta anos pola Organización do Bacharelato Internacional (OBI) que é unha fundación educativa privada non gobernamental, sen ánimo de lucro, recoñecida polo Consello de Europa. Ten a súa sede en Suíza e ofrece o Programa do Diploma para os estudantes dos dous últimos anos de educación secundaria. Conta co auspicio da Unesco e de importantes fundacións internacionais, ademais involucra aproximadamente a 1000 colexios e institucións en máis de cen países.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de
Educación e Cidadanía

En España hai 45 centros que ofrecen esta modalidade, nalgunha das súas tres modalidades. De todos eles, 20 son centros públicos. O IES Rosalía de Castro incorporou este tipo de ensino no ano 1989 e dende entón ven preparando con éxito xeracións de xoves investigadores e pensadores, informados e instruídos. Cada ano teñen unha media de 55 alumnos/as matriculados neste tipo de Bacharelato. Estes, elixen o BI non só polo seu rigor académico senon tamén porque se axusta perfectamente ás necesidades do s.XXI

O seu currículo prepara para a obtención do Diploma e para a obtención do Bacharelato nunha condicións moi completas, que permite aos seus graduados cumprir cos requisitos de varios sistemas europeos de educación. O modelo do seu programa de estudos non se basea no de ningún país concreto, aínda que integra os mellores elementos de moitos deles.

Para participar nesta modalidade de bacharelato a OBI cobra unha serie de taxas de matrícula e dereitos de exame do alumnado, que para este curso 2017-2018, ascende á cantidade de 24.255,00 euros.

A primeira promoción do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro comezou no curso escolar 1989-90 e actualmente son 29 as promocións que teñen saído nese centro.

III.- O Concello de Santiago de Compostela aportará unha cantidade de **6.208,00 €**, para sufragar os custes desta modalidade de ensino, que o concello de Santiago de Compostela ten contemplados nos Orzamentos do ano 2017, na aplicación orzamentaria 080.32400.48900

Consonte o artigo 30.1 da Lei 38/2003 considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido neste Convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos contemplados neste Convenio deberán referirse a gastos derivados do desenvolvemento da modalidade de ensino denominada Bacharelato Internacional. En ningún caso poderán xustificarse con gastos derivados da compra de bens inventariábeis, consonte o artigo 31 da Lei 38/2003.

Esta subvención, de acordo co contemplado no artigo 28.3 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, ten carácter singular xa que é a única modalidade deste bacharelato que se imparte na cidade de Santiago de Compostela, polo que non procede a súa convocatoria pública.

IV.- O IES Rosalía de Castro comprométese a promocionar e difundir este programa e a presentar unha Memoria das accións incluídas neste programa, onde se faga referencia aos mozos/as matriculados/as, actividades que se promoven, e outros datos que permitan ao Concello de Santiago estar informado en todo momento sobre o Bacharelato Internacional.

V.- O orzamento recollido neste Convenio destinarase a sufragar os gastos do Bacharelato Internacional do ano 2017.

VI.- O IES Rosalía de Castro deberá xustificar o orzamento antes do 23 de novembro de 2017.

VII.- Para a xustificación do orzamento o IES Rosalía de Castro comprométese a xustificar os gastos, de acordo co fin para o que se concedeu a subvención, que deberá realizarse presentando no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela a conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto con data do ano 2017, consonte o artigo 72 do Real decreto 887/2006.

A conta xustificativa conterá ademais a seguinte documentación:

- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen o proxecto ou actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
- Declaración das subvencións solicitadas, concedidas ou que aínda están pendentes de conceder.

VIII.- O incumprimento destas obrigas dará lugar á revogación da subvención. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003.

IX.- O importe da subvención especificada neste Convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta de Abanca ES 65 2080 5355 61 3040019338

X.- De acordo co disposto no artigo 18.4 da Lei Xeral de Subvencións se deberá dar axeitada publicidade do financiamento do Departamento de Educación do concello de Santiago de Compostela para o Bacharelato Internacional (tanto na comunicación oral como na escrita). O Departamento de Educación e Cidadanía facilitará ao IES Rosalía de Castro o logotipo oficial que deberán utilizar na documentación e información visual e escrita.

XI.- O presente convenio estará vixente durante o ano 2017.

Os comparecentes, no concepto no que o fan, dan a súa conformidade ao presente convenio de colaboración, asinándoos por duplicado en proba da mesma, no lugar e data expresados no encabezamento.

**Polo Excmo. Concello de
Santiago de Compostela**

Polo IES Rosalía de Castro

Martíño Noriega Sánchez

Ubaldo Rueda Soto

